



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 26 DE MARZO DE 2026.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 26.02.2026.....	2
2. AFECTACIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO. FINCA EN AVENIDA DE FERROL, FINCA EN OLMO E FINCA EN VIZÚS.....	3
3. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.	9
4. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO "PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING".....	13
5. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: NECESIDADE DE APERTURA DA CASA DA XUVENTUDE DE PONTEDEUME AS FINS DE SEMANA.....	20
6. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE EN DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL.....	23
7. DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2027/2029).	27
8. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2025.....	34
9. ASUNTOS DE URXENCIA.....	37
10. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	37
11. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	37
12. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	44
12.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	44
12.2. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	45
12.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	46
12.4. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	46
REMATE DA SESIÓN.....	47
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	47





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 26 DE MARZO DE 2026.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D^a María del Rocío Pena Pena (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e oito minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil vinte e seis, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria xeral e a Interventora municipal.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 26.02.2026

A secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 26.02.2026





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente TEdEC: 2026/G006/000074

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- Sesión ordinaria de 26.02.2026 (borrador asinado o día 20.03.2026)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Sesión ordinaria de 26.02.2026 (borrador asinado o día 20.03.2026)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación a proposta quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP); o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Sesión ordinaria de 26.02.2026 (borrador asinado o día 20.03.2026)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2. AFECTACIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO. FINCA EN AVENIDA DE FERROL, FINCA EN OLMO E FINCA EN VIZÚS.

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 23.03.2026, que se transcribe a continuación:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO
SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 23 DE MARZO DE 2026
EXPDTE: 2026/G012/000006

2. AFECTACIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO. FINCA EN AVENIDA DE FERROL, FINCA EN OLMO E FINCA EN VIZÚS.

Consta proposta da alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPEDIENTE: 2026/G006/000033

AFECTACIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO. FINCA EN AVENIDA DE FERROL, FINCA EN OLMO E FINCA EN VIZÚS

Tendo en conta a adquisición de tres terreos por parte do Concello de Ponte deume, segundo os seguintes datos:

1.- Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno Local de día 23.12.2025, referente a "EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DE TERREOS: FINCA EN VIZÚS REF. CATASTRAL 4967516NJ6046N0001KT", con núm. de expediente 2024/C009/000005

Log de ver a descripción do terreo:

IDENTIFICACIÓN DO BEN	
Referencia catastral	4967516NJ6046N0001KT
Localización	Lugar de Vizús. Ponte deume
Clase:	Núcleo rural (N2). (Núcleo rural de Vizús) (Equipamento Local 2, EL-2).
Superficie:	317 m ²
Uso:	Área de lecer
Ano de Construción:	Sen construcións
Título de propiedade	Escritura notarial de día 11.02.2013 protocolo núm. 186 Escritura rectificación de día 03.10.2025 protocolo núm. 2642 Notario Alvar Quintanilla López Tafall.
Libre de cargas e gravames de todo tipo	SI
Inscrito no rexistro da propiedade	NON

Logo de ver a "Memoria valorada para adecuación de espazo para área de lecer nunha finca sita no lugar de Vizús, no Concello de Ponte deume" redactada pola arquitecta Nuria Trillo Valeiro, colexiada núm. 5464, asinado o día 09.12.2024, rexistro de entrada núm.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

202499900002361 de día 09.12.2024, que define e cuantifica as actuacións necesaria para adecuación da finca con referencia catastral 4967516NJ6046N0001KT a área de lecer.

O ben foi adquirido por adxudicación directa xa que pola súa localización, limítrofe co Grupo Escolar de Vizús; é o idóneo, xa que a parcela a adquirir só pode ter uso de equipamento local; destinado a satisfacer necesidades sociais e de benestar da comunidade, neste caso ampliación da parcela onde se atopa o Grupo Escolar de Vizús para aumentar a súa superficie e destino a área de lecer para o uso e desfrute da veciñanza do Concello de Ponte deume, e en especial da asociación de veciños de Vizús, que xa ven usando as instalacións da escola para o desenvolvemento das actividades que organiza ao longo do ano; e a súa localización lindeira coa escola de Vizús, e a idónea para aumentar a superficie da parcela da escola de Vizús así como para regularizar a súa forma xeométrica.

O uso da parcela como espazo para área de lecer é viable urbanisticamente segundo quedou acreditado no expediente pola emisión de informe técnico de día 10.12.2025

2.- Logo de ver o decreto núm. 867/2025 de día 29.12.2025 referente a "EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DIRECTA DE BEN INMOBLE: FINCA EN AVDA. FERROL 21. REF. CATASTRAL 6969302NJ6066N0001HD" con núm. de expediente 2025/C009/000001

Logo de ver a descripción do terreo:

IDENTIFICACIÓN DO BEN	
Referencia catastral	6969302NJ6066N0001HD
Localización	Avda. de Ferrol 22. Ponte deume
Clase:	Solo urbano sen edificar
Superficie:	557 m ²
Uso:	Zona de esparcemento público
Ano de Construción:	Sen construcións

Logo de ver a memoria valorada para a "Adaptación de predio a zona de esparcemento público en Avda. de Ferrol", elaborada polo arquitecto D. Valerio González Somoza asinado o día 04.12.2025, rexistro de entrada no Concello núm. 202599900002158 de día 04.12.2025.

O ben foi adquirido por adxudicación directa xa que pola súa localización é o idóneo, xa que está relativamente preto do casco histórico, e esta ao lado do miradoiro, polo que as dúas parcelas xuntas dan lugar a unha ampla zona de espacimento.

O uso da parcela como zona de esparcemento é viable urbanisticamente segundo quedou acreditado no expediente pola emisión de informe técnico de día 12.12.2025

3.- Logo de ver o Decreto núm. 870/2025 de día 30.12.2025 referente a "EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DE TERREOS: FINCA EN OLMO. REF. CATASTRAL 7960914NJ6075N0001BM" con núm. de expediente 2024/C009/000003.

Logo de ver a descripción do terreo:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

IDENTIFICACIÓN DO BEN	
Referencia catastral	7960914NJ6075N0001BM
Localización	Estrada N-VI. Olmo. Pontedeume
Clase:	Solo urbanizable non delimitado (URNDR-1 Chapizos). Solo rústico especial protección infraestruturas (R7)
Superficie:	2023 m ²
Uso:	Creación de carril de desaceleración para acceso a urbanización Olmo e aparcamento de 28 prazas
Ano de Construción:	Sen construcións
Título de propiedade	Escritura notarial de día 24.04.1998. Protocolo núm. 644. Notario Isidoro Antonio Calvo Vidal
Inscrito no rexistro da Propiedade	Non figura inscrito

Logo de ver o proxecto para a "Mellora de accesos e aparcadoiro Urbanización Olmo-Pontedeume, elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Couto López asinado o día 18.09.2025 por importe de 48.350,00 € (39.958,68 € + 8.391,32 € de IVE), rexistro de entrada núm. 202599900001630 de día 18.9.2025 co fin de mellorar o acceso á Urbanización Olmo dende a estrada N-651

A parcela sitúase ao carón da nacional N-651, na marxe dereita en dirección Coruña, a altura do P.K 20+900.

O ben foi adquirido por adxudicación directa xa que pola súa localización é o idóneo para realizar un mellor acceso a urbanización Olmo, garantindo tamén a seguridade viaria, tal e como queda acreditado no proxecto presentado para o desenvolvemento desta obra, e segundo o informe do arquitecto técnico municipal emitido o día 23.10.2025 e ten como finalidade pública destinarse a zona carril de desaceleración para mellora acceso a urbanización Olmo, así como na parte restante da parcela a aparcadoiro público de 28 prazas petición demandada pola veciñanza da urbanización.

O uso de carril de desaceleración e aparcadoiro é viable urbanisticamente, segundo queda acreditado no expediente pola emisión do informe do arquitecto técnico municipal de día 23.10.2025 sempre condicionada a dispor dispoñer das autorizacións do titular da N-651 e respectando o artigo 50.1 do RGLS, coas mínimas intervencións posibles.

O día 18.09.2025 a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia remite autorización LCOAUT-25-246 (L-LC-3267) da actuación proxectada con condicionantes particulares que indicaban que se deberían adaptar o proxecto remitido a estes.

Logo de ver o informe xurídico da Secretaría Xeral de día 17.03.2026.

Considerando o establecido no artigo 22.2, 47.2 e 81 da Lei de bases de réxime local así como 8 do Real Decreto 1372/1986, **PROPOÑO:**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da afectación e alteración da cualificación xurídica dos bens con referencias catastrais indicados en táboa adxunta, establecendo a vinculación destes ao uso xeral ou servizo público que se indica e a súa consecuente integración no dominio público.

Referencia catastral	Uso público
4967516NJ6046N0001KT	Adecuación área de lecer
6969302NJ6066N0001HD	Zona de esparcemento
7960914NJ6075N0001BM	Carril desaceleración e zona de aparcadoiro público

SEGUNDO. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- Entenderase o acordo inicial elevado automaticamente a definitivo no caso de non terse presentado alegacións, no período de información pública

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva expresa ou tácita debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, estará a disposición para xeral coñecemento na sede electrónica deste Concello

CUARTO.- Será incorporado o acordo definitivo que resulte, na vindeira revisión do inventario de bens do concello de Ponte deume, segundo o procedemento legalmente previsto coa xeración das correspondentes fichas na aplicación do inventario municipal

<https://inventariomunicipal.dacoruna.gal/Invent2/pontedeume/PrincipalMenu.aspx>.

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos a proposta transcrita, POR MAIORÍA DE SEIS VOTOS A FAVOR (6)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. Joshua Dopico López; e do concelleiro do grupo municipal do PP (1) D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez>>.

A Presidencia abre a quenda para o debate.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra o **sr. Presidente** que di que a finais do ano 2025 se adquiriron tres parcelas que pasan a formar parte do patrimonio público municipal para destinalas a aparcadoiros públicos; e concretamente coa finca da avda. de Ferrol, logo de ver o proxecto de humanización desta rúa, que implicaría perder certas prazas de estacionamento; non querían deixar unha zona con alta necesidade de estacionamento sen el, polo desenvolvemento dunha obra; por iso a compra dese terreo e indica que negocian a adquisición de outras parcelas para nun futuro estudar a ampliación do parque. Continúa dicindo que a finca que se comprou en Olmo, ten como finalidade principal mellorar o acceso cun carril de desaceleración á urbanización Olmo; e coa parcela restante dotar de prazas de aparcamento, que tamén era unha demanda histórica da veciñanza desa urbanización.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que pregunta se a obra do aparcamento na Avda. de Ferrol vai dentro dalgunha das fases do proxecto de humanización desa rúa.

Responde o **Sr. Presidente** que é unha obra independente; pero que van tentar que coincida no tempo o seu desenvolvemento pero todo depende das autorizacións sectoriais, en especial a de ADIF, que soe tardar bastante.

Sen máis intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da afectación e alteración da cualificación xurídica dos bens con referencias catastrais indicados en táboa adxunta, establecendo a vinculación destes ao uso xeral ou servizo público que se indica e a súa consecuente integración no dominio público.

Referencia catastral	Uso público
4967516NJ6046N0001KT	Adecuación área de lecer
6969302NJ6066N0001HD	Zona de esparcemento
7960914NJ6075N0001BM	Carril desaceleración e zona de aparcadoiro público

SEGUNDO. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- Entenderase o acordo inicial elevado automaticamente a definitivo no caso de non terse presentado alegacións, no período de información pública

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva expresa ou tácita debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, estará a disposición para xeral coñecemento na sede electrónica deste Concello





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CUARTO.- Será incorporado o acordo definitivo que resulte, na vindeira revisión do inventario de bens do concello de Ponte deume, segundo o procedemento legalmente previsto coa xeración das correspondentes fichas na aplicación do inventario municipal.

<https://inventariomunicipal.dacoruna.gal/Invent2/pontedeume/PrincipalMenu.aspx>.

3. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS. .

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 23.03.2026, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 23 DE MARZO DE 2026

EXPDTE: 2026/G012/000006

3. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

Consta proposta da alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

Expediente: 2026/A003/000006

Adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias

No DOG número 250 de 29 de decembro de 2025 publicase Resolución do 15 de decembro de 2025 pola que se publica o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Conforme a Lei 3/2007, dentro do sistema de defensa contra incendios forestais de Galicia, son esenciais as denominadas redes de faixas de xestión da biomasa, como conxunto de parcelas lineais do territorio, estratexicamente situadas, onde se garante a xestión da biomasa, é dicir, o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas adecuadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

É competencia das entidades locais a xestión das redes secundarias, que quedaron definidas no Plan municipal de defensa contra incendios forestais (PMPDIF) do Concello de Ponte deume aprobado definitivamente por Decreto de alcaldía 189 do día 25.03.2021. Posúen a función prioritaria de protección aos núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais. A obriga de xestión da biomasa compete ás persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre as parcelas incluídas nesas faixas.

Neste contexto, e a través do presente convenio, canalízase a cooperación entre a Administración local e a Administración autonómica como vía para acometer tarefas de claro interese público como é a de xestionar a biomasa vexetal con alto potencial combustible, especialmente nos terreos forestais que estean preto dos núcleos de poboación, asegurando a súa retirada con anterioridade á época de perigo de incendios polas persoas titulares das parcelas, así como, no caso de incumprimento destas obrigas esenciais, asegurar a súa execución subsidiaria, a través de procedementos áxiles, por parte das administracións públicas.

A Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pola cal se crea o sistema público de xestión da biomasa dos terreos rústicos incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa, como sistema de cooperación entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a entidade do sector público autonómico Seaga, a Fegamp e os concellos que voluntariamente se adhiran ao sistema

A cooperación, que neste convenio se instrumenta, ten por fin garantir a prevención de incendios forestais, de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas de interface urbana e facilitar as actuacións de extinción, garantindo así o interese público da seguridade de persoas e de bens.

Este convenio instrumenta a continuación da consolidación do sistema de cooperación nas tarefas necesarias para facilitar que as persoas responsables da xestión da biomasa nas redes secundarias poidan cumprir coas súas obrigas. Desta maneira establécese a colaboración técnica da Xunta de Galicia na revisión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais e a súa modificación, de ser o caso. Tamén colaborarán a Xunta de Galicia e os concellos, na execución subsidiaria da xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas, nos casos de incumprimento das obrigas legais, a través de diferentes actuacións. Nas parroquias que se prioricen anualmente, reforzaranse as actuacións, ben mediante a formalización de contratos cos particulares, ben mediante a realización material da execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa.

As entidades locais que o desexen poden adherirse a este convenio consonte ao establecido na súa cláusula terceira así como no anexo I do documento.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo do anterior, o Concello de Pontedeume, está interesado en adherirse ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Logo de ver a memoria de alcaldía de día 11.03.2026

Logo de ver o informe xurídico de día 17.03.2026

Considerando o establecido no artigo 21, 22.2.p) e 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante., esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Solicitar a adhesión do Concello de Pontedeume ao **Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias**, asinado o día 15.12.2025, formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas.

Esta adhesión solicitarase conforme ao anexo I que figura no citado convenio; que se transcribe a continuación:

"ANEXO I

Modelo de solicitude de adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Don/dona (nome e cargo), en nome e en representación do Concello..., en virtude das facultades conferidas...

DECLARA: Que o (órgano competente do Concello) acordou, con data do..... de..... de....., solicitar a adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Que o concello dispón de plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, aprobado con data do...

MANIFESTA:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A vontade do (Concello) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e sinatura)"

SEGUNDO. *Dar traslado do seguinte acordo e da solicitude de adhesión, á comisión de seguimento do Convenio, a través da Consellería de Medio Rural.*

TERCEIRO. *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir calquera dos trámites e sinatura de convenio necesarios para a formalización efectiva do acordo que se adopta".*

A presidencia abre a quenda para o debate.

...//...

*Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (5 PSOE, 1 BNG e 1 PP)>>.*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

*Sen intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:*

PRIMEIRO. Solicitar a adhesión do Concello de Pontedeume ao **Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias**, asinado o día 15.12.2025, formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas.

Esta adhesión solicitarase conforme ao anexo I que figura no citado convenio; que se transcribe a continuación:

"ANEXO I





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Modelo de solicitude de adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Don/dona (nome e cargo), en nome e en representación do Concello..., en virtude das facultades conferidas...

DECLARA: Que o (órgano competente do Concello) acordou, con data do..... de..... de....., solicitar a adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Que o concello dispón de plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, aprobado con data do...

MANIFESTA:

A vontade do (Concello) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e sinatura)"

SEGUNDO. Dar traslado do seguinte acordo e da solicitude de adhesión, á comisión de seguimento do Convenio, a través da Consellería de Medio Rural.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir calquera dos trámites e sinatura de convenio necesarios para a formalización efectiva do acordo que se adopta.

4. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO "PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING".

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 23.03.2026, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 23 DE MARZO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G012/000006





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO "PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING"

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO "PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING"

EXPEDIENTE TEdC: 2026/A006/000007

PROPOSTA DE ACORDO

Expediente da proposta: 2026/G006/000072

[ANTECEDENTES]

- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DAS LONXAS DE RAXOI para o Concello de Ponte deume, redactado polos servizos técnicos desta Deputación, sendo autores do proxecto os arquitectos Fernando Cebrián del Moral e Xosé Francisco Freire Corzo, en xuño de 1996.

- Modificación en planos correspondente ás dimensións finais dos elementos construtivos existentes no estado actual do edificio, con data do 28.05.1997.

- No ano 2020, supervísanse os espazos para estimar a viabilidade dun local (formado por dúas pezas das lonxas) para o uso como coworking e integrable na REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS DE TRABALLO desta Deputación da Coruña.

- No ano 2002, o Servizo de Asistencia a Municipios redacta o proxecto de adecuación do local.

- O 28.07.2022, o Pleno do Concello de Ponte deume acordou o cambio de uso dos terreos onde se localizan as edificacións Almacenes de Raxoi segundo o establecido no informe do técnico municipal do 22.6.2022 cos seguintes usos pormenorizados:

Clave	Nome	Obtención do solo			Existencia dotacional	Uso	Titularidade
		Existente	Proposta	Total			
CX-2	Almacenes de Raxoi	996,54			Existente	Comercial	Municipal
SCEX-6	Almacenes de Raxoi	664,36			Existente	Sociocultural	Municipal

- O día 06.03.2024, os técnicos da Deputación de A Coruña visitaron o edificio.

- Redactado o **"PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PARA ESPAZO DE COWORKING", asinado dixitalmente en data 19/02/2026 polos arquitectos do Servizo de Arquitectura e Mantemento (SAM) da Deputación da Coruña, Daniel Ramón Beiras García-Sabell e José Ramón Hervella Gómez, cun importe de 478.390,73 € (395.364,24 € + 83.026,49 de IVE), expediente TEdC: 2026/U039/000023 que substitúe ao proxecto redactado no ano 2022, adaptado ás condicións que estableceu a autorización de patrimonio cultural e cunha actualización de prezos do 6% respecto ao documento anterior.

[EXPOSICIÓN DE MOTIVOS]

1.- OBXECTO DA SOLICITUDE, XUSTIFICACIÓN DO CARÁCTER SINGULAR DO PROXECTO E DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO

Pontedeume conta cunha importante actividade turística, froito do seu patrimonio histórico-artístico, natural, gastronómico, etc. Por ese motivo, dende este Concello búscase aproveitar eses recursos e potenciar a través daqueles a economía local, mediante a promoción do emprendemento e a innovación, nun sector que non para de crecer e que precisa dunha infraestrutura acorde ao volume e necesidades dos milleiros de persoas que cada ano visitan a Vila e a bisbarra do Eume.

A creación dun espazo de coworking preséntase como unha oportunidade para xerar economía vencellada ao sector turístico, diversificando e impulsando novos proxectos empresariais tan necesarios, dado o incremento exponencial experimentado ao longo dos últimos anos, que ademais permitan atraer talento relacionado co turismo, a tecnoloxía e outros sectores emerxentes e profesionalice un sector, no que os potenciais clientes esixen unha atención máis competente.

O espazo de coworking estará situado no peirao de Pontedeume, nunha zona céntrica do municipio, ben comunicada, visible e de valor histórico como as Lonxas de Raxoi, mandadas construír no século XVIII polo Arcebispo Bartolomé Rajoy e Losada; de fácil acceso e próximo aos principais recursos turísticos, o que permitirá integrar a actividade empresarial coa contorna turística local.

2.- DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO

O deseño e a planificación do espazo contido no **"PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING"**, contempla os seguintes aspectos:

- **Infraestrutura física:** Adaptación dese edificio municipal e creación dun acceso público a través do soportal. Contará cunha recepción cun posto de administración e un módulo principal de planta cadrada que se dividirá en dúas zonas: unha destinada á área de traballo e outra aos cuartos de aseo e instalacións. Haberá así mesmo dous pequenos corredores con acceso á zona de café e baños. A distribución buscará xerar un ambiente de traballo cómodo e produtivo, que se integre nun edificio destas características.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

• *Equipamento e tecnoloxía:* O coworking contará con conexión a internet de alta velocidade, impresoras, proxectores, sistemas de videoconferencia e outros recursos tecnolóxicos necesarios para os emprendedores e profesionais do sector turístico.

• *Servizos e actividades complementarias:* O espazo ofrecerase tamén como un centro de networking para persoas emprendedoras e empresas, organizando eventos relacionados co turismo, seminarios sobre marketing dixital, xestión sostible, ou desenvolvemento de produtos turísticos. Ademais, promoveranse actividades de formación en novas competencias empresariais.

• *Accesibilidade e sustentabilidade:* O proxecto garantirá a accesibilidade formativa tanto para os/as emprendedores/as locais como para aquelas que veñan do exterior, promovendo a sustentabilidade en todas as súas fases, desde a construción e o deseño, ata o funcionamento diario.

3.- PERSOAS BENEFICIARIAS

A poboación directamente beneficiada pola realización da obra recollida no **“PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING”** son, segundo datos recollidos na comunicación de cifras oficiais de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas a 1 de xaneiro de 2025, 7431 habitantes.

4.- RAZÓNS EXTRAORDINARIAS DE INTERESE PÚBLICO E CARÁCTER SINGULAR DO PROXECTO PARA A TRAMITACIÓN EXCEPCIONAL DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA.

Segundo o art. 25.1 da Lei de bases de réxime local o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O art. 25.2 establece, entre outros:

2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostenibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

...//...

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 80, establece como competencia propia dos Concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, a promoción de toda clase de actividades e a prestación de servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Así, no seu artigo 80. 2. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:

e) O patrimonio histórico-artístico.

...//...

n) As actividades e instalación culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

...//...

p) A participación na formación de activos e desempregados.

A firma deste convenio entre a Deputación Provincial e o Concello é fundamental para a creación dun espazo de coworking que non só servirá para dinamizar a economía local, senón que tamén posicionará ao municipio como un destino atractivo para emprendedores e turistas interesados no desenvolvemento de proxectos innovadores.

Este espazo contribuirá ao fortalecemento da economía local, á sustentabilidade do destino turístico, á profesionalización do sector e á xeración de novas oportunidades de emprego e desenvolvemento económico, mellorando a oferta e ofrecendo produtos turísticos de maior calidade e máis competitivos.

Por todo o anteriormente exposto, quedan xustificadas as razóns extraordinarias de interese público e o carácter singular do proxecto para a tramitación excepcional da concesión da subvención nominativa.

Atendendo á capacidade económica e de xestión do Concello de Ponte deume, e dada a elevada demanda da mellora de espazos, infraestruturas e vías por parte da veciñanza, non é posible neste intre acudir a programa de subvención de concorrencia competitiva ou plan provincial adecuado ás urxentes necesidades descritas, que requiren por parte dos responsables municipais dun excepcional esforzo económico na prestación de servizos de competencia municipal.]

Tendo en conta a da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP n °185 de 25.09.2024), esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña por importe de 382.712,58 €, que se corresponde co 80% do orzamento para o financiamento da obra contida no proxecto **“PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING”**, asinado dixitalmente en data 19/02/2026 polos arquitectos do Servizo de Arquitectura e Mantemento (SAM) da Deputación da Coruña, Daniel Ramón Beiras García-Sabell e José Ramón Hervella Gómez, cun importe de 478.390,73 € (395.364,24 € + 83.026,49 de IVE), **ratificando o sinalado na exposición de motivos e conforme ao seguinte cadro de financiamento:**

Denominación do investimento	Orzamento	Deputación	Concello
“PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL	478.390,73 €	382.712,58 €	95.678,15 €





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING"	Coeficiente de financiamento (%)	
	80	20

SEGUNDO.- O Concello de Ponte deume **comprométese a habilitar o crédito** necesario para o financiamento da parte non subvencionada pola Deputación da Coruña (20%), de resultar beneficiario da subvención de acordo co solicitado, isto é: 95.678,15 €

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos se deriven da tramitación do expediente da subvención

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña".

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos a proposta transcrita, POR MAIORÍA DE CINCO VOTOS A FAVOR (5)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. Joshua Dopico López; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e do concelleiro do grupo municipal do PP (1) D. Santiago José Rodríguez Piñeiro >>.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Explica o **Sr. Presidente** que a Deputación da Coruña leva varios anos implantando no seu territorio unha rede de establecementos "coworking" en función das necesidades e actividades económicas máis puxantes no mesmo; e que xa negociaron hai varios anos que o primeiro "coworking" relacionado coas actividades de turismo e sector servizos se debería implantar na bisbarra do Eume, tendo en conta todo o patrimonio histórico, natural, gastronómico e etnográfico que existe; que os "coworking" son espazos de asesoramento para emprendedores e tamén acompañamento e que se incide moito en actividades que sexan sustentables económica e medioambientalmente. Continúa dicindo que o Concello propuxo a Deputación as Lonxas de Raxoi como instalación a destinar para este uso, pero que necesitan unha rehabilitación, concretamente nas tres primeiras naves; que contén espazos suficientes para reunións, aulas.. poñendo en valor o edificio, e que o Concello ten un proxecto para solicitar unha achega para seguir rehabilitando o edificio.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que indica que están a favor da instalación dun "coworking" no Concello pero opinan que





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

se debería facer unha reforma integral do edificio das lonxas de Raxoi, xa que as outras partes existentes e na actualidade en uso por entidade asociativas, tamén necesitan reparación; e exteriormente é necesario unha humanización da zona sobre todo na parte traseira das lonxas.

Responde o **sr. Presidente** que o custe de facer unha rehabilitación integral de todo o edificio é moi elevado, excedendo da capacidade económica do concello; que se están buscando vías de financiamento a través doutras administracións, pero non hai liñas de financiamento que inclúan todo a rehabilitación, algunhas só son para envolvente, outras para eficiencia enerxética, etc. Di que aínda que este sexa un proxecto concreto para o "coworking" a estética e liña de rehabilitación do edificio será sempre a mesma, porque senón patrimonio xa non o autorizaría e tamén e vontade do goberno manter a mesma estética.

Toma a palabra **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Urbanismo e Infraestruturas**, para dicir que un proxecto integral de rehabilitación de envolvente, cuberta ascendía a 1.200.000,00 euros, que é inviable para o concello; que hai outro proxecto de rehabilitación das outras naves, que segue a estética deste proxecto de "coworking" que redactaron os técnicos da Deputación da Coruña; que é para a envolvente e cuberta, e que despois os interiores se irán facendo por fases pero sempre mantendo a mesma estética e directrices que marque o concello e tendo en conta das actividades que se vaian a facer nesas instalacións.

Toma a palabra o **sr. Presidente** que hai un proxecto total para toda a zona, coa reurbanización tamén da rúa Gumersindo Placer, e a rehabilitación das lonxas coa mesma estética para todo; pero non hai proxecto técnico que desenvolva todo isto, xa que custaría sobre 60 ou 70 mil euros ao concello, e habería que licitalo; polo que preferiron facer proxectos técnicos por fases e aproveitar que a Deputación asume a rehabilitación dun terzo do edificio coa instalación do "coworking"; pero insiste que sempre mantendo a mesma liña de rehabilitación, que o primeiro e actuar na envolvente e logo no interior en función das necesidades de cada caso; e que é interese do goberno destinar dúas zonas a concesión para actividades de restauración, algo moi necesario neste Concello; que entón esas zonas quedarán diáfanos para que os futuros concesionarios as preparen ás súas necesidades.

Intervén **don Daniel Ríos Fernández** para dicir que eles dividen obra civil de edificación, xa que non hai liñas de axuda que financien ambas cousas, que hai dous proxectos de edificación que seguen a mesma liña, e logo o de urbanización seguindo a liña da rúa Gumersindo Placer.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP** para preguntar cales son as naves afectada por este proxecto, se son as dúas primeiras antes do albergue.

Responde o **sr. Presidente** que son tres, as que están máis preto do edificio de servizos sociais.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sen máis intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña por importe de 382.712,58 €, que se corresponde co 80% do orzamento para o financiamento da obra contida no proxecto **“PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING”**, asinado dixitalmente en data 19/02/2026 polos arquitectos do Servizo de Arquitectura e Mantemento (SAM) da Deputación da Coruña, Daniel Ramón Beiras García-Sabell e José Ramón Hervella Gómez, cun importe de 478.390,73 € (395.364,24 € + 83.026,49 de IVE), **ratificando o sinalado na exposición de motivos e conforme ao seguinte cadro de financiamento:**

Denominación do investimento	Orzamento	Deputación	Concello
“PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING”	478.390,73 €	382.712,58 €	95.678,15 €
		Coeficiente de financiamento (%)	
		80	20

SEGUNDO.- O Concello de Ponte deume **comprométese a habilitar o crédito** necesario para o financiamento da parte non subvencionada pola Deputación da Coruña (20%), de resultar beneficiario da subvención de acordo co solicitado, isto é: 95.678,15 €

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos se deriven da tramitación do expediente da subvención

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña.

5. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: NECESIDADE DE APERTURA DA CASA DA XUVENTUDE DE PONTEDEUME AS FINS DE SEMANA

Toma a palabra a **concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura a moción presentada.

“EXPOSICIÓN DO MOTIVOS

A Casa da Xuventude foi sempre un espazo fundamental para o encontro, a formación e o desenvolvemento de actividades culturais e recreativas para a mocidade. Con todo, observamos que o seu horario de apertura non inclúe os sábados, o que limita as





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

oportunidades de acceso a este recurso tan valioso e deixando á rapaza máis nova sen alternativas de lecer a fin de semana, que é cando poden desfrutar do tempo de socialización tan importante nestas idades, lonxe da tecnoloxía e videoxogos.

A Casa da Xuventude de Pontedeume está a ser un referente de punto de encontro entre as mozas e mozos adolescentes, por riba de todo os venres, día no que se enche de usuarios ante a ausencia de actividade escolar ao día seguinte.

Estamos a recibir dende hai moito tempo, tanto por parte da rapazada como das familias eumesas a solicitude de que este servizo tan importante para o desenvolvemento social da xuventude da nosa vila se amplíe tamén ós sábados pola tarde e poder dar así unha oferta de lecer as/os adolescentes moi necesaria no seu proceso de desenvolvemento de habilidades sociais.

A apertura da Casa da Xuventude os sábados permitiría fomentar a participación xuvenil xa que moitos mozos teñen máis dispoñibilidade durante a fin de semana, facilitando deste xeito o seu acceso a actividades e programas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno que se adopte o seguinte
ACORDO

PROPOSTA DO ACORDOS

1. Solicitar á Xunta de Galicia a apertura da Casa da Xuventude de Pontedeume os sábados pola tarde, adaptándose á realidade de lecer coa que conta a rapazada, garantindo así un espazo accesible e dinámico para todos os mozos e mozas da nosa vila e dando resposta á necesidade expresada en reiteradas ocasións pola veciñanza da nosa vila".

Continúa dicindo a **sra. Bellón** que esta moción xa se trouxo a outro Pleno, pero que non obtiveron resposta da Xunta de Galicia, polo que volven a incluíla para volver a remitirla.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que manifesta o apoio á solicitude de apertura os sábados, indica que o BNG no parlamento de Galicia fixo unha emenda aos orzamentos para esta inclusión, mais volven a insistir que o goberno local, dentro das súas competencias, debería facer unha programación estable para a xuventude; polo que presentan a seguinte emenda: "*Instar ao goberno local a establecer unha programación estable de lecer alternativa para a xuventude tomando como referencias experiencia previas como o Planet Club, así como tamén introducir dita alternativa en datas de relevancia como poden ser festas do Entroido ou festas locais*". Continúa poñendo de exemplo que no entroido hai festa infantil e festa de adultos mais non para a xuventude.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra a **sra. Bellón** que aclara que neste entroido pasado, baixouse a idade a 14 anos para que os rapaces e rapazas e que non se presentou ningún grupo, que o goberno fai propostas pero que é moi difícil chegar a estas idades, e a franxa de idade a que máis lles custa chegar.

Toma a palabra **don Joshua Dopico López**, concelleiro de xuventude e deportes, para dicir que hai máis actividades e máis deportes que antes; pero que é moi difícil captar á xuventude; e que o tema do planet club xa non é viable.

Intervén o **Sr. Presidente** citando varias actividades que organizou o concello; "freestyle", música por ordenador, obradoiros de robótica, impresión 3D...; polo que entende que xa hai programación; polo que non teñen inconveniente en aceptar a emenda; o que si di que non hai un programa de actividades a principio de ano porque non é viable xa que moitas actividades dependen de subvencións, ou doutras administracións. Indica que valoraron facer unha enquisa cos institutos para ver que tipo de actividades lles gustarían; e insiste en que é unha idade complicada e que todos o sabemos.

Intervén o **sr. Curbeira** que aclara que cando piden unha programación estable, non quere dicir que o goberno non faga actividades, pero entende que se todos están pedindo que a casa da xuventude abra as súas portas os sábados pola tarde é porque hai unha demanda por parte da xuventude dun espazo do que desfruta, non só da casa senón tamén dos arredores, alameda, xardíns do convento; polo que entende que é unha zona localizada onde a xuventude lle gusta estar polo que haberá que buscar actividades que se poden desenvolver no lugar de xeito recorrente para conseguir que a xuventude se quede na Vila e non se vaia a outros lugares.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para dicir que é unha idade moi complicada, que na actualidade as modas cambian moito dun día para outro, cree que o que realmente necesitan é ese local aberto para que podan reunirse.

Intervén a **sra. Bellón** para dicir que a casa da xuventude xa é un referente, que os venres pola tarde está funcionando moi ben e o que piden e alargar o seu funcionamento aos sábados.

Logo do debate os grupos políticos acordan facer unha emenda da moción quedando a parte resolutiva da mesma redactada do seguinte xeito:

<<1. Solicitar á Xunta de Galicia a apertura da Casa da Xuventude de Pontedeume os sábados pola tarde, adaptándose á realidade de lecer coa que conta a rapazada, garantindo así un espazo accesible e dinámico para todos os mozos e mozas da nosa vila e dando resposta á necesidade expresada en reiteradas ocasións pola veciñanza da nosa vila.

2. Instar ao goberno local a establecer unha programación estable de lecer alternativa para a xuventude tomando como referencias experiencia previas como o Planet Club, así como tamén introducir dita alternativa en datas de relevancia como poden ser festas do Entroido ou festas locais>>.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sen máis intervencións sométese moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

1. Solicitar á Xunta de Galicia a apertura da Casa da Xuventude de Pontedeume os sábados pola tarde, adaptándose á realidade de lecer coa que conta a rapazada, garantindo así un espazo accesible e dinámico para todos os mozos e mozas da nosa vila e dando resposta á necesidade expresada en reiteradas ocasións pola veciñanza da nosa vila.
2. Instar ao goberno local a establecer unha programación estable de lecer alternativa para a xuventude tomando como referencias experiencia previas como o Planet Club, así como tamén introducir dita alternativa en datas de relevancia como poden ser festas do Entroido ou festas locais.

6. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE EN DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL

Toma a palabra a **concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura á moción presentada:

"Moción do PSDG-PSOE Pontedeume en defensa da paz e do dereito internacional"

O Concello de expresa a súa profunda preocupación pola escalada militar que se está a producir en Oriente Medio. Non se trata dunha preocupación abstracta nin afastada. Os conflitos armados teñen sempre un alto custo humano, social e económico: falamos de vidas humanas, de cidades destruídas, de familias obrigadas a fuxir e dunha inestabilidade que xa está a ter consecuencias no conxunto do mundo.

Sabémolo por experiencia. A historia recente demostrou que as guerras iniciadas fóra do marco do dereito internacional e sen o respaldo da comunidade internacional non resolveron os conflitos; en moitos casos provocaron máis violencia, máis inseguridade e crises humanitarias de gran magnitude.

Hai pouco máis de dúas décadas vivímolos coa guerra de Iraq. Aquela intervención, que se presentou como necesaria para garantir a seguridade internacional, acabou sendo co paso do tempo unha das decisións máis cuestionadas da política internacional recente. Europa e tamén España deben actuar con responsabilidade e aprender das leccións da historia, evitando repetir erros que tiveron consecuencias tan graves para a paz e para a seguridade global.

Por iso, nun momento como este, cómpre dicilo con claridade: a guerra non pode ser a resposta.

O Concello Pontedeume quere estar do lado da paz, do diálogo e do dereito internacional; do lado dos principios recollidos na Carta das Nacións Unidas que durante décadas serviron de base para a convivencia entre países e pobos.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Concello Pontedeume repudia o réxime de Irán, responsable da represión e da vulneración dos dereitos fundamentais da súa propia cidadanía, especialmente das mulleres. Pero ao mesmo tempo rexeita este conflito e defende que a única saída posible debe ser diplomática e política.

Porque cando se rompe a legalidade internacional, quen máis sofre son sempre os mesmos: a poboación civil. E porque, ademais do drama humano, os conflitos tamén traen consecuencias económicas que acaban chegando á vida diaria da xente: prezos da enerxía máis altos, incerteza económica e máis dificultades para moitas familias.

*Por todo isto, o **Concello de Pontedeume** acorda:*

Primeiro. Reclamar aos Estados Unidos, a Israel e a Irán o cesamento inmediato das hostilidades antes de que o conflito alcance dimensións aínda máis graves.

Segundo. Repudiar o réxime de Irán pola represión e pola vulneración dos dereitos fundamentais da súa cidadanía, especialmente das mulleres.

Terceiro. Defender que a única saída posible a este conflito debe ser diplomática e política, condenando calquera vulneración do dereito internacional e reafirmando o compromiso cos principios que sustentan a convivencia entre nacións: o respecto á Carta das Nacións Unidas e á resolución pacífica dos conflitos, bases da seguridade colectiva e da estabilidade mundial.

Cuarto. Afirmar con claridade un principio que forma parte da conciencia democrática da nosa sociedade: **NON Á GUERRA.**

Quinto. Expresar a solidariedade da cidadanía de Pontedeume coas vítimas civís e con todas as persoas que están a sufrir as consecuencias da violencia.

Sexto. Apoiar a posición do Goberno de España e os seus esforzos diplomáticos, así como os da comunidade internacional e da Unión Europea para lograr unha desescalada do conflito e abrir camiños de negociación.

O Concello de Pontedeume sempre foi unha terra que aposta pola convivencia e polo entendemento entre pobos. Tamén agora queremos dicilo alto e claro: a paz non é unha idea abstracta, é unha responsabilidade política e moral que nos afecta a todos".

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que concordan co título da moción, en defensa da paz e do dereito internacional pero piden votala por puntos porque di que falar da paz e meter no mesmo nivel aos agresores e agredidos, e con respecto ao primeiro punto, non consideran que sexa acaído,





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

cando os agredidos nos supoñían perigo para ningún país; con respecto ao segundo punto tampouco lles parece correcto incluír na moción a repulsa ao réxime do país agredido, por moito que podan estar en desacordo co mesmo, xa que así se está entrando no argumento do agresor, como se o réxime fose xa unha simple xustificación para entrar en calquera país, e que todos saben que réximes hai de moitos tipos, que hai países limítrofes con Irán, onde Estados Unidos ten as súas bases e dende onde realiza os seus ataques, que teñen unha sociedade moi parecida a iraní, e non se fai crítica a este países nin se atacan. Continúa dicindo que están de acordo cos puntos terceiro, cuarto e quinto e que co sexto punto non o poden apoiado porque consideran que o goberno de España di que defende a paz pero ao mesmo inverte en armamentos noutros conflitos militares; polo que lle parece incoherente esta postura, a paz e antimilitarismo débense aplicar a todas as políticas do goberno; para eles unha postura válida sería falar de retirar as bases militares de Estados Unidos en España, o fin das operacións da OTAN en territorio galego así como a saída da OTAN do estado español. Reitera por tanto a votación por puntos.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para dicir que non entende porque o grupo municipal do BNG non está a favor do punto segundo da moción e para dicir que non está a favor de ningunha guerra.

Reitera o **sr. Curbeira** o explicado na súa primeira intervención, que unha invasión imperialista sempre é mala, que o réxime do país a invadir non xustifica a invasión.

Intervén o **Sr. Presidente** que di que o BNG no congreso dos Deputados non condenou a invasión rusa de Ucraína, e que alguén nese partido xustificaba porque que eran neonazis; e di que tampouco xustifica a invasión de Estados Unidos e Israel a Irán polo réxime que hai, pero que iso no quita para que non se poda repudiar o réxime que hai en Irán, que a postura do seu partido no é estar nin cos atacantes nin cos atacados. Continúa dicindo que reclaman o cesamento de hostilidades aos tres países implicados, porque si que é certo que Estados Unidos e Israel están atacando Irán, pero este tamén está atacando infraestruturas enerxéticas doutros países que non o atacaron; e insiste en que a moción condena a Estados Unidos e Israel polo ataque o que podería levar a pensar que entón defenden aos iranianos, o que non é certo por iso o punto de repudio ao réxime iraniano; di que non teñen inconveniente en modificar o punto segundo da moción para incluír a todas as monarquías absolutistas do golfo.

Intervén dona **María del Rocío Pena Pena, concelleira do grupo municipal do BNG**, para indicar que para ela o máis correcto sería que houbera dúas mocións diferentes; unha moción onde se explicara todo o mal que lles parece a todos o réxime iraniano, pero que tal e como está redactado na moción presentada parece que se xustifica o ataque a un país soberano porque ten un determinado réxime; continúa dicindo que están en contra da guerra e en contra dos réximes iranianos, do de Arabia Saudita... etc, pero son cousas diferentes.

Continúan debatendo sobre a condena a outros conflitos bélicos facendo similitudes entre uns e outros comparando os distintos casos, e de distintos réximes políticos, e falando da coherencia política.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo do debate, o grupo municipal do BNG di que insiste en votar por puntos e sr. Presidente indica que non aceptan a votación por puntos e que van facer unha emenda aos puntos primeiro e segundo da moción que sería a seguinte:

"Primeiro. Repudiar a invasión dos Estados Unidos e Israel sobre o estado iraniano e repudiar o réxime de Irán pola represión e pola vulneración dos dereitos fundamentais da súas cidadanía, especialmente das mulleres, colectivos LGTBI entre outros

Segundo. Reclamar aos Estados Unidos e Israel o cesamento inmediato das hostilidades antes de que o conflito alcance dimensión aínda máis graves, así como reclamar ao estado iraniano o cesamento dos ataques a terceiros países".

Sen máis intervencións, sométese a intervención, a moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro, e **DÚAS ABSTENCIÓNS (1)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a María del Rocío Pena Pena; o **ACORDO** seguinte:

Primeiro. Repudiar a invasión dos Estados Unidos e Israel sobre o estado iraniano e repudiamos o réxime de Irán pola represión e pola vulneración dos dereitos fundamentais da súas cidadanía, especialmente das mulleres, colectivos LGTBI entre outros.

Segundo. Reclamar aos Estados Unidos e Israel o cesamento inmediato das hostilidades antes de que o conflito alcance dimensión aínda máis graves, así como reclamar ao estado iraniano o cesamento dos ataques a terceiros países".

Terceiro. Defender que a única saída posible a este conflito debe ser diplomática e política, condenando calquera vulneración do dereito internacional e reafirmando o compromiso cos principios que sustentan a convivencia entre nacións: o respecto á Carta das Nacións Unidas e á resolución pacífica dos conflitos, bases da seguridade colectiva e da estabilidade mundial.

Cuarto. Afirmar con claridade un principio que forma parte da conciencia democrática da nosa sociedade: **NON Á GUERRA.**

Quinto. Expresar a solidariedade da cidadanía de Ponte deume coas vítimas civís e con todas as persoas que están a sufrir as consecuencias da violencia.

Sexto. Apoiar a posición do Goberno de España e os seus esforzos diplomáticos, así como os da comunidade internacional e da Unión Europea para lograr unha desescalada do conflito e abrir camiños de negociación.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7. DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2027/2029).

A secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DACIÓN DE CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2027-2029)

Expediente: 2026/X998/000015

Logo de ver o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 67/2026 de día 05.03.2026 , de asunto: "Comunicación da remisión do Plan orzamentario a medio prazo 2027 a 2029 ao Ministerio de Facenda"

SEGUNDO.- Dar conta do Decreto da Alcaldía núm. 142/2026 do día 04/03/2025, que se inserta a continuación:

**Descrición decreto: EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2027 A 2029).-
EXPEDIENTE Nº 2026/X998/000015**

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais

O artigo 5 da dita Orde establece a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e función pública (MINHAP) habilite para o efecto

Visto que o prazo para a remisión ao Ministerio de Facenda a través da plataforma da oficina virtual das entidades locais da información relativa o **plan orzamentario a medio prazo, 2027-**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2029, remata ás 24:00 horas do 14/03/2026 os plans orzamentarios para os anos 2027-2029 se realizaron tendo en conta:

- a información con que se conta a día de hoxe e unha aplicación prudente da súa posible evolución, na liña seguida para o cálculo dos marcos orzamentarios do período 2026-2028
- a información da liquidación do exercicio 2025
- a previsión de execución do orzamento do exercicio 2026 (actualmente o prorrogado de 2025)

E quedarían como segue:

Polo que se refire aos **INGRESOS**:

Realízase unha previsión prudente tendo en conta a información de liquidación do exercicio 2025, e o orzamento previsto para 2026, axustando algunha previsión de ingresos en función da evolución tendencial

Polo que se refire aos **GASTOS**:

Polo que se refire á previsión de gastos, tense en conta igual información que a utilizada para os ingresos, así como coas modificacións de crédito que se teñen tramitado e/ou se pretenden tramitar ata fin de exercicio.

Respecto dos capítulo 3 e 9, gastos financeiros e pasivos financeiros, aténdese ás previsións de movementos e situación da débeda nos vindeiros exercicios, sen prexuízo de posibles amortizacións anticipadas que puideran realizarse, de acordo coas solicitudes/concesións de préstamos nos distintos plans provinciais (POS+2017, POS+2018 e POS+2019), unha vez que realice a súa devolución anual cun período cada un de dez anos, por contías dunha décima parte da amortización, sen xuro; así como a previsión de amortización recollida no POS+2026 e a devolución do préstamo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo concertado en 2025 (cun prazo de devolución de oito anos).

De acordo coa competencia da Alcaldía regulada no artigo 21.1.s da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte información sobre os plans orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos do Concello de Ponte deume para os exercicios 2027, 2028 e 2029, derivados da evolución tendencial, así:

Datos económicos consolidados en euros, de las entidades que integran la corporación (AA.PP.)

INGRESOS	AÑO 2026 (ESTIMACIÓN DE LOS DERECHOS RECONOCIDO S NETOS)	% TASA VARIACI ÓN 2027/202 6	AÑO 2027 (ESTIMACIÓN DE LAS PREVISIONES INICIALES)	% TASA VARIA CIÓN 2028/ 2027	AÑO 2028 (ESTIMACIÓN DE LAS PREVISIONES INICIALES)	% TASA VARIAC IÓN 2029/ 2028	AÑO 2029 (ESTIMACIÓN DE LAS PREVISIONES INICIALES)
----------	---	--	--	---	--	---	--



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ingresos corrientes	8.797.000,00	1,22	8.904.000,00	0,52	8.950.500,00	0,50	8.995.500,00
Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	8.797.000,00	1,22	8.904.000,00	0,52	8.950.500,00	0,50	8.995.500,00
Derivados de modificaciones de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ingresos de capital	650.000,00	-76,92	150.000,00	20,00	180.000,00	11,11	200.000,00
Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	650.000,00	-76,92	150.000,00	20,00	180.000,00	11,11	200.000,00
Derivados de modificaciones de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ingresos no financieros	9.447.000,00	-4,16	9.054.000,00	0,84	9.130.500,00	0,71	9.195.500,00
Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	9.447.000,00	-4,16	9.054.000,00	0,84	9.130.500,00	0,71	9.195.500,00
Derivados de modificaciones de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ingresos financieros	10.000,00	0,00	10.000,00	0,00	10.000,00	0,00	10.000,00
Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	10.000,00	0,00	10.000,00	0,00	10.000,00	0,00	10.000,00
Derivados de modificaciones de políticas (*)							
Ingresos totales	9.457.000,00	-4,16	9.064.000,00	0,84	9.140.500,00	0,71	9.205.500,00



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	0						
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	9.457.000,00	-4,16	9.064.000,00	0,84	9.140.500,00	0,71	9.205.500,00
Derivados de modificaciones de políticas (*)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

DETALLE DE INGRESOS CORRENTES

(Estimación de derechos reconocidos netos, en euros)

INGRESOS CORRENTES	Ano 2026	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029
Capítulo 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	2.847.000,00	2.904.000,00	2.910.500,00	2.915.500,00
Imposto sobre Bens Inmóbles	1.850.000,00	1.905.500,00	1.907.500,00	1.910.000,00
Imposto sobre Actividades Económicas	235.000,00	236.000,00	240.000,00	242.000,00
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	412.000,00	412.500,00	413.000,00	413.500,00
Imposto sobre Incremento del Valor de los Terresos de Natureza Urbana	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00
Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras	100.000,00	100.000,00	100.000,00	100.000,00
Cesión de impostos do Estado				
Ingresos do capítulo 1 e 2 non incluídos				
Capítulo 3: Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	1.800.000,00	1.820.000,00	1.830.000,00	1.840.000,00
Capítulo 4: Transferencias correntes	4.125.000,00	4.155.000,00	4.185.000,00	4.215.000,00
Participación en tributos do Estado	2.125.000,00	2.130.000,00	2.135.000,00	2.140.000,00
